

CAMPUS XOGA E APRENDE ARTEIXO 2017

INFORMACIÓN E CALENDARIZACIÓN

-Calendarización: *luns 26, martes 27, mércores 28, xoves 29 e venres 30 de Xuño de 2017.

*Hora chegada alumnos: 10:00 **HABERÁ SERVICIO DE TRANSPORTE**

*Hora recollida alumnos: 14:00

-Prezo: *SOCIOS DAS ENTIDADES ORGANIZADORAS 80 EUROS

NON SOCIOS 90 EUROS

O prezo inclúe : Seguro médico e R.C, visita ao aquapark de Cerceda, hospedaxe para a velada do xoves 29 de xuño (instalacións de Agarimo), cea do xoves 29 de xuño,almorzo do venres 30 de Xuño e transporte .

-Idades: de 7 a 16 anos-nados en 2001-2010 (estableceranse varios grupos segundo as idades dos participantes)

-Actividades a desenrolar: -Xogos tradicionais

-Animación, desenrolo psicomotriz

-Rocodromo

-Iniciación e perfeccionamento do deporte do balonmán, Judo e fútbol

-Olimpiada multideportiva

-Visita aquapark de Cerceda

-Velada Nocturna Festa de despedida, música e Hinchables

-Número mínimo de participantes: 30

-CONTACTOS:Jose Judo 667536743,Pablo Futbol 604009290,Pasky Balonmán 620977920

-Inscrición: **-Podedes confirmar a vosa inscrición no correo xogaeaprende@gmail.com** ou ben entregando o formulario debidamente cumprimentado aos adestradores dos clubes organizadores sempre adxuntando resgardo do pago.

-Tamén podes encher a [FOLLA DE INSCRIPCIÓN ONLINE \(pincha aquí\)](#)

*Data límite de inscrición o **15 días antes do comezo do Campus (12 de Xuño)**

-Pago: -número de conta: **ES3000812313060001110221 (xoga e aprende)**

-CONCEPTO: **NOME DO ALUMNO + CAMPUS ARTEIXO**

*Non existirá servizo de comidas, mais dispoñemos de tempo e espazo para realizaren unha “merenda” a media mañá coa comida que traia cada alumno. Recomendase que cada participante traia da casa un pequeno bocadillo e unha froita (comida saudable).

Carta aos pais

Querido pai/nai:

Co gallo de dar un salto de calidade que nos distinga dos Campus que se celebran no noso Concello, as Asociacións **Judo Club Arteixo, Escolas de Fútbol Pastoriza e Arteixo Balonmán**, xuntan as súas forzas, recursos e coñecementos, para poder organizar un Campus diferente. A filosofía do traballo en educación, respecto e valores, coincidente no xeito de traballar destes tres clubes, foi o que nos animou a dar un paso adiante e facer esta iniciativa sen precedente en Arteixo. Queremos convidarte a que o teu fillo/filla participe no **Campus XOGA E APRENDE verán 2017**. Nesta singular actividade non só coidaremos do teu fillo, senón que tamén faremos que pase uns días moi divertidos ao tempo que complementamos a súa formación educativa.

O **Campus XOGA E APRENDE verán 2017** consiste nun campamento lúdico no que o teu fillo gozará practicando deporte, realizando infinidade de xogos e talleres e máis aprenderá a relacionarse cos seus compañeiros e co medio natural. Ademais aprenderá os fundamentos do Judo, Fútbol e Balonmán adaptado a súa idade. O formato é en horario de mañá nesas días de verán que son festivos para os escolares mais non para tódolos pais, para así compaxinar mellor os períodos de lecer dos pais e dos fillos.

O lugar de realización é o pazo dos deportes do Concello de Arteixo e as instalacións de Agarimo (cidade dos muchachos)

O campamento estará tutorizado por profesionais das actividades de ocio e de tempo libre ademais de adestradores titulados de cada disciplina deportiva, todos eles acostumados ao traballo con rapaces das idades que incluímos nesta actividade.

É por todo isto que pedimos que confíes en nos para a educación do teu fillo nos vindeiros días de verán. Estamos seguros que cumpriremos as túas expectativas.

Non ten que dicir que calqueira dúbida que teñas pódela consultar con nos directamente ao través do correo electrónico ou do número de teléfono dos coordinadores da actividade.

Sen máis recibe un cordial saúdo dos responsables organizadores do Campus



**INSCRÍBETE
ONLINE**
QR code



NOME DO PARTICIPANTE:..... DATA NACEMENTO:.....
DO RESPONSABLE (persoa que recollerá ao alumno ao finalizar a actividade):.....
.....DNI: Tfno:

TELÉFONO DE CONTACTO:..... CORREO ELECTRÓNICO:

OBSERVACIÓNS (alergias, intolerancias ...):

Autorización realización de fotografías e videos que inclúan ao meu fillo/filla

AUTORIZO NON AUTORIZO **SON SOCIO DE:** JUDO club Arteixo NON SOCIO

Escolas de Fútbol PASTORIZA ARTEIXO balonmán

Sinatura:.....